F) Instalacións: patio exterior, gimnasio...
G) Auxiliar: cronometro, silbato, metro...

Os recursos e materiais didácticos pódense definir como os instrumentos e medios que subministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensino - aprendizaxe.

En canto os recursos, en referencia aos recursos humanos, faise fincapé nas persoas que colaboran no proceso de ensino da área como profesores, orientadores, familias, entre outro. En relación aos recursos ambientais, entre os que se empregarán principalmente o pavillón e a pista polideportiva exterior, que cumpran cos requisitos mínimos establecidos no Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro. Así, o ximnasio é onde se realizará a maior parte das sesións por razóns climatolóxicas, operativas e de seguridade. Na pista polideportiva hai diferentes campos marcados ademais de diversos xogos como a Mariola, campos de chapas e o tres en raia.

Por outra banda, os recursos materiais son os que facilitan o proceso de ensino-aprendizaxe. Buscaranse materiais que posúan un carácter multifuncional, carentes de peligrosidade (adaptados sempre a normativa europea de seguridade) e que favorezcan notablemente a práctica de Educación Física. Utilizarase, segundo a clasificación

proposta polo MEC, recollida por Díaz Lucea (1996) diferenciando entre material convencional, no convencional ou auxiliar.

Compre sinalar que os diferentes materiais e recursos didácticos deben estar sempre adaptados as características do alumnado, a súa idade, nivel de competencia motriz, aos obxectivos que se pretendan conseguir...

Por outro lado, deben cumprir unha serie de funcións como, tal e como establece Díaz Lucea. Entre elas destácase:

- A función motivadora posto que deben captar a atención do alumnado.
- A función estruturadora cumprindo funcións de organización dos aprendizaxes e de alternativa a realidade.
- A función didáctica basease en que debe existir coordinación entre os recursos e materiais cos obxectivos, contidos e competencias.
- Ademais, teñen unha función facilitadora dos aprendizaxes, así como de soporte ao profesor.

Tamén é fundamental incidir nas características dos mesmos. Estes deben ser actuais, contextualizados, diversos, variados e interactivos. Ademais, deben ter congruencia e permitir alcanzar os obxectivos e competencias propostas, así como ser rentables, prácticos e polivalentes, é dicir, que sirvan para outras actividades. Destácase que deben ser motivantes, seguros e de duración e resistencia considerable.

Por outra banda, o material como recurso didáctico ten as seguintes vantaxes:

- ¿ Facilita o logro de obxectivos e o traballo dos contidos.
- ¿ É un elemento motivante, que facilita o control e a organización da sesión.
- ¿ E axuda no desenvolvemento social, afectivo e psíquico do alumnado.

Para rematar, tanto os recursos como materiais que imos empregar nas sesións de Educación Física cumpren unha serie de finalidades, destacando que favorecen a comunicación e comprensión entre o alumnado, son un elemento auxiliar eficaz, son unha guía para os aprendizaxes, permiten avaliar ao alumnado e por último motivan o alumnado á hora da realización das tarefas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera (1999) define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións. Para levala a cabo terase en conta a Orde de 25 de xaneiro de 2022. Nesta etapa a avaliación será continua, criterial e formativa.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se plantexen sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel do grupo clase con respecto a algúns contidos. Esta permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino/aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos. Realízase tanto na primeira sesión de cada unidade así como a principio de curso, para desta maneira poder condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións. A través desta avaliación en educación física preténdese coñecer aqueles aspectos que sexan máis relevantes para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Esta avaliación de inicio de curso, que se leva a cabo en setembro, permite coñecer o nivel de competencia motriz do alumnado. Desta forma obtérase un diagnóstico inicial. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

¿ Ficha médica de cada alumno e alumna

¿ Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:

o Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.

o Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.

o Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitude.

o Habilidades xenéricas: condución e botes cun balón nun recorrido establecido.

o Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade (circuíto), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco)

o Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Estas tarefas e actividades poden ser rexistradas en vídeo para unha posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos. A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.

2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.

3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.

4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

1.ª Adoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	15	6	6	8	6	6	6	8	6
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	8	7	7	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o alumnado teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación. Así, débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO.

A avaliación será criterial, interpretando os resultados en función do alumnado e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Así, se rexistrará diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes instrumentos de avaliación, destacando:

- O rexistro anecdótico consiste nunha breve descrición de algún acontecemento que parece significativo, referido principalmente ao ámbito afectivo e motor.
- O diario de clase inclúe ademais anotacións do profesor.
- A lista de control componse dun listado de frases que expresan conductas, hábitos, accións nas que se mostra a presenza ou a ausencia das mesmas, e nas que non se aprecian matices.
- Na escala de observación ademais de observar a realización ou omisión da tarefa, valorase emitindo un xuízo de valor. Poder ser cualitativas ou numéricas.
- A rúbrica é unha matriz específica de indicadores que permite recoñecer e valorar os aprendizaxes asociados a realización dunha determinada tarefa de acordo cunha unidade didáctica integrada. É o instrumento idóneo seguindo a Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, mediante a cal se obtendrá un resultado concreto e graduado, por medio de 4 indicadores de logro.

Tamén se empregaran diferentes tipos de avaliación, dando resposta o ¿Quen avalía?

¿ A auto avaliación que é unha avaliación propia tanto do alumnado como do mestre.

¿ A coavaliación ou avaliación recíproca tratase cando un alumno avalía a outro compañeiro y este por outro.

CANDO SE AVALÍA?

¿ Cada unha das unidades didácticas avaliarase sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomarase como referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución.

¿ Para avaliar cada trimestre terase en conta as diferentes unidades didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres. A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada por cada alumnado en cada UD, sempre tendo en conta a porcentaxe de peso que ten esa unidade, tal e como reflicte no punto 3.1. desta programación.

Curso 2022/2023:

1º TRIMESTRE (6 UD - 38%):

- UD. 1: 14% = equivalente a un 1,4 da nota 1º trimestre.
- UD. 2(I): 16% = equivalente a un 1,6 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.
- UD. 5: 20% = equivalente a un 2 da nota 1º trimestre.
- UD. 6: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 6)= 10

2º TRIMESTRE (6 UD - 37%):

- UD. 7: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.
- UD. 8: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.
- UD. 2(II): 16% = equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.
- UD. 9: 20% = equivalente a un 2 da nota 2º trimestre.
- UD. 10: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.
- UD. 11: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 7 á 11)= 10

3º TRIMESTRE (4 UD - 25%):

- UD. 12: 26% = equivalente a un 2,6 da nota 3º trimestre.
- UD. 13: 26% = equivalente a un 2,6 da nota 3º trimestre.
- UD. 2(III): 22% = equivalente a un 2,2 da nota 3º trimestre.
- UD. 14: 26% = equivalente a un 2,6 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 12 á 14)= 10

AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2022/2023:

- 1º TRIMESTRE (6 UD): 38% equivalente a un 3,8 da nota final
- 2º TRIMESTRE (6 UD): 37% equivalente a un 3,7 da nota final
- 3º TRIMESTRE (4 UD): 25% equivalente a un 2,5 da nota final
- ORDINARIA (suma das 14 UD): 100% equivalente a 10.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non supere o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos criterios de avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

A área de Educación Física está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idóneo de cara a atención a diversidade posto que se favorecen as relacións, o respecto, cooperación, autonomía, participación, sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar. Para iso se terá en conta a Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Así, enténdese por atención a diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Así pois ningún grupo é homoxéneo en canto a características persoais, motivacións, capacidades ou ritmos de aprendizaxe... por iso é fundamental atender a diversidade, condición necesaria para conseguir unha educación integral e igualitaria.

Tras a correspondente avaliación inicial que ten como obxectivo determinar as capacidades e coñecementos e ofrecerlle unha resposta axustada. E, polo tanto, ofreceranse actividades con variantes de ampliación e reforzo, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

Por outra banda, defínese ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación e é responsabilidade nosa adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades. Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnado con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún no centro.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún no centro.
- Alumnado con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste centro, na etapa de primaria existe algún caso diagnosticado de TDAH, pero que non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións.

Seguidamente analízase a situación actual do grupo de 5º de Educación Primaria. Neste grupo atopase un alumno con Trastorno con Déficit de Atención e Hiperactividade, polo que se terá especialmente en conta o Plan Xeral de Atención a Diversidade así como o Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia, publicado pola Xunta. Entre as súas características atopase predominantemente a falta de atención.

Polo tanto, as medidas e pautas que se levarán a cabo no pavillón son as seguintes:

- ¿ Instrucións claras e concisas.
- ¿ Nas explicacións situalo na parte dianteira.
- ¿ Facilitar a información polos 3 canais de información: auditivo, cenestésico-táctil e sobre todo o visual por medio de pictogramas ou demostracións.
- ¿ Empregarase a figura do alumno-titor.
- ¿ Centralo constantemente na tarefa e descompoñela en partes máis pequenas.
- ¿ Reforzar os pequenos logros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X						
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X						
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial		X						
ET.6 - Educación Ambiental		X	X			X		
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión Lectora		X	X		X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X	X		X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.5 - Educación Vial						X
ET.6 - Educación Ambiental					X	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Entre os elementos transversais resáltanse a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendimento e a educación cívica e constitucional. Tamén se fai fincapé na calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, así como a igualdade de oportunidades. Ademais autores como Max-Neef (2005) ou Posada (2005) defenden a importancia de levar a cabo un traballo multidisciplinar a través das metodoloxías innovadoras. Tamén se teñen en conta os valores definidos como contidos de diversa natureza que deben estar presentes nos diferentes proxectos e programacións curriculares que realicen os equipos docentes e que de maneira resumida son: - Prevención da violencia terrorista e de calquera forma de violencia. - Prevención e resolución pacífica de conflitos. De maneira que se chegue a un consenso entre todo o alumnado acerca das normas de convivencia do aula. Supón educar na convivencia e no respecto por medio do diálogo. - Igualdade de mulleres e homes e prevención da violencia de xénero. Corríxense os estereotipos sexistas utilizando a coeducación como estratexia educativa. - Desenvolvemento sostible e medio ambiente. Traballarase a reciclaxe e o coidado do medio ambiente. - Educación e seguridade viaria. Ten como obxectivo a prevención de accidentes a través do coñecemento dunhas normas necesarias para a súa participación no ambiente urbano. - Situacións de risco derivadas das TIC. Adquisición dunha actitude crítica e responsable empregando as novas tecnoloxías, evitándoos riscos innecesarios e mantendo a nosa privacidade. En definitiva, os elementos transversais establecidos traballaranse desde todas as áreas e ao longo de toda etapa educativa. Estes contidos actitudinais, exercen influencia no comportamento conductual do alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Milla Diaria	Todo o alumnado debe realizar unha milla diaria camiñando ou trotando durante o tempo de recreo. Cada día superado marcarano nunha táboa e o chegar a unha serie de puntos terán recompensas, favorecendo así a actividade física e a adquisición de hábitos saudables.			
Samaín	Gynkana terrorífica no pavillón no que se organiza un circuito con diferentes probas para a construción de un esqueleto humano cos seus osos, lanzamentos a fantasmas, construción de pirámide con vasos de fantasmas...			
O Magosto	Saída ao entorno natural do centro, coa parrilla do concello para asar as castañas e facer una xornada multideporte no patio.			
Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.			
Obradoiro Xogos Tradicionais	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,...			
Saída Parque Multiaventura	Xornada na que o alumnado pode realizar múltiples actividades no medio natural como: escalada, tirolinas, circuitos arbóreos, gymkanas, tiro con arco, xogos de habilidade,...			
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.			
Contratos Programas CP Innova: EDUsaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida.			

Observacións:

As actividades complementarias son aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Por exemplo, resáltanse visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

En canto a propia práctica docente, os docentes debemos realizar un exercicio de auto análises onde reflexionemos acerca da nosa labor persoal co fin de mellorar o proceso educativo e avaliar o desenrolo da propia programación. Desta maneira, diferéncianse dous momentos no tempo, pero interrelacionados entre sí. Por unha banda durante o propio proceso de ensinanza, co fin de reorientalo (para elo se utilizará o rexistro anecdótico) ademais de utilizar a fase de análise de resultados de cada sesión para coñecer a opinión do alumnado e, por outro lado, o remate de cada unidade didáctica por medio dos indicadores de logro, contemplando globalmente como se desenvolveu a mesma: se se han cumprido os obxectivos, clima de traballo na aula, grado de desenrolo da programación o si as medidas de atención a diversidade aplicáronse e se funcionaron, entre outras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Por outra parte, a suma da avaliación dos ámbitos citados anteriormente (proceso de ensinanza, proceso de aprendizaxe do alumnado e practica docente) da lugar a avaliación da propia programación. A finalidade da mesma é avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado, o proceso de ensinanza e a práctica docente, tendo especialmente en conta os resultados académicos, a nivel trimestral, propiciados polo aprendizaxe do alumnado. Ademais establecerase un plan e mecanismos de mellora, para de esta maneira, si fose necesario ampliar ou modificar a programación, dependendo de ditos elementos.

Por último, toda programación se terá en conta durante todo o proceso e se avaliará trimestralmente empregando unha escala de valores destacando, entre outros, os seguintes indicadores: temporalización das unidades didácticas, recursos, atención a diversidade, estratexias metodolóxicas seleccionadas, claridade nos criterios de avaliación, temporalización das unidades didácticas, adecuación dos materiais e recursos didácticos, adecuación da secuencia de traballo na aula, adecuación dos programas de apoio, adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE, adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación, grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas, adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso, contribución da materia de Educación Física ao plan de lectura do centro ou o grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015652	CEIP O Piñeiriño	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e, en moitas ocasións de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Cada Unidade Didáctica estará dividida en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Observación de obras representativas de arte. Obras elexidas e seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado.
- Creatividade e composición: Elaboración de obras propias empregando diferentes materiais.
- Sección de volume: Realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).
- Nova visión plástica: Animacións, imaxes, emprego de ordenador...
- Sección lúdica: Xogos e actividades para practicar o aprendido e para fomentar a participación e a desinhibición.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Linguaxe e comunicación visual.	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual (a liña, o punto, a cor e a forma). As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	18	7	X		
2	Proceso creativo.	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas (cubismo, barroco, arte pop) O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de	18	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Proceso creativo.	xeito máis destacado.	18	6		X	
3	Debuxo xeométrico.	A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais, o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicarlos nos deseños e composicións (autores como: Kandinsky e Mondrian). As Letras Galegas serán de especial relevancia.	24	5			X
4	Andy Warhol	Esta UD inicia o alumnado na vida e obra de Andy Warhol. O traballo en grupo e grande grupo será predominante, procurando unha participación activa.	40	17	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Linguaxe e comunicación visual.	7

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica os recursos e materiais utilizados para elaborar unha obra.	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Deseña un instrumento musical empregando as formas xeométricas aprendidas. Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Combina e analiza as cores para utilizalas correctamente nas composicións individuais e grupais.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Coñece a evolución da fotografía dende o branco/negro á cor, formato papel ao dixital e valora as posibilidades que ofrece a tecnoloxía.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Organiza e planifica o seu proceso creativo desenvolvéndoo en esbozos e elixindo os que mellor se axeiten aos seus propósitos na obra final.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos e analizando o encadre máis axeitado.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o contexto cultural, artístico e sobre a pescuda de material para a elaboración de traballos grupais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.

Contidos

- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
2	Proceso creativo.	6

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e identifica as características das imaxes fixas e en movemento.	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza imaxes fixas e en movemento, empregando terminoloxía axeitada, atendendo ao tamaño, cor, función, formato e iluminación.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e organización do material.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza imaxes humanas, animais e casas partindo dun bosquexo. Realiza debuxos relacionados coas profesións utilizando os coñecementos aprendidos.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Representa formas xeométricas con precisión, coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece, interpreta e analiza a información que ofrecen as imaxes fixas e en movemento e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas empregando o vocabulario axeitado.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza o trazado de rectas paralelas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Emprega as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC, e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Procura imaxes en soporte dixital para organizalas e transformalas en planos e mapas simples.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre a búsqueda dun cartel grupal e elabora o seu propio anuncio.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar, de forma guiada en situacións cotiáns estratexias elementais para saudar despedirse e presentarse formular e contestar preguntas sinxelas expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar , de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída usando recursos e apoios físicos ou dixitais		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Léxico relativo ao lecer e tempo libre. - Léxico relativo a relacións persoais próximas. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONCRECIÓNS XERAIS:

En Galicia, o contacto cunha primeira lingua estranxeira iníciase no segundo ciclo da educación infantil, de xeito maiormente oral. Por iso, o currículo da etapa de educación primaria, comeza dando prioridade ás destrezas orais nos primeiros cursos e establece, gradualmente, a aprendizaxe das outras destrezas para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa oral e escrita axeitada para esta etapa.

- Os contidos da área de lingua estranxeira - inglés están organizados en 5 bloques que, aínda que se presentan separados para maior claridade, deben ser entendidos como inseparables na práctica lingüística e deben ser traballados de forma integrada: Comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos, produción de textos escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

- Un currículo de lingua estranxeira no contexto actual debe ter en conta as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). A utilización das TIC posibilita o acceso a informacións sobre outras culturas e os seus costumes, reafirma as destrezas orais e escritas, facilita o enriquecemento do vocabulario, fixa unha ortografía correcta e estimula a aprendizaxe autónoma.

- Desde o punto de vista metodolóxico, fomentárase un uso contextualizado da lingua, incluíndo o xogo e a realización de tarefas conxuntas como instrumento de socialización. O ensino da lingua estranxeira enmarcarase, por tanto, en enfoques comunicativos e cun tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas, facendo fincapé durante toda a etapa na comunicación oral e na consciencia intercultural.

* Unha vez explicada esta contextualización xeral do ensino de linguas estranxeiras no marco do noso sistema educativo, e dependendo das circunstancias, distinguiremos tres posibles modalidades de ensino:

MODALIDADE A: ENSINO PRESENCIAL.

O traballo na aula incluírá, na maior parte, actividades eminentemente comunicativas e de inmersión lingüística tradicionais, empregando diferentes materiais e soportes: cancións, contos, material real en inglés, pequenas investigacións voluntarias, proxectos, actividades de Total Physical Response, xogos interactivos na PDI, ... Así mesmo, organizaranse as actividades de xeito que posibiliten a atención á diversidade e fomentárase, na medida do posible, a aprendizaxe cooperativa, así como hábitos de traballo axeitados para a súa idade.

Alén disto, tamén se traballará no entorno virtual de aprendizaxe EVA - EDIXGAL, como principal recurso educativo de estudo (non hai outro libro de texto/class book).

- Existirá coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, sempre que sexa posible. É esencial o tratamento integrado de todas as linguas -desenvolvemento das propias (Lei Valentín Paz Andrade, 2010)- e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

- Ademais, fomentaremos a comprensión e a produción oral dos alumnos en cada sesión, contando nalgunhas delas coa presenza dunha auxiliar de conversa procedente dos Estados Unidos, que consideramos axudará a acadar a consecución dos estándares correspondentes aos distintos bloques de contido, especialmente, os bloques 1, 2 e 5.

MODALIDADE B: ENSINO A DISTANCIA E/OU ONLINE.

- No caso de que sexa preciso o confinamento dun grupo estable de alumnado

(aula) ou de todo o centro educativo, cambiaremos a modalidade de ¿Ensino a

Distancia¿ ou, se é posible, ¿online¿, atendendo a todo ese alumnado da mellor maneira posible.

- Traballaríase a través de EDIXGAL, da materia de lingua estranxeira na que están matriculados, coma na escola, engadindo unha nova materia específica que inclúa a temporalización do que deben facer en cada sesión, así o alumnado tería á súa disposición tarefas para cada día (segundo o seu horario habitual da materia), que poderían enviar ou facer online, segundo o caso, na propia aula virtual. Tamén se incluírían actividades coa Auxiliar de Conversa.

Habería sesións de videoconferencia (plataforma Webex) en horarios e datas pactadas con anterioridade e comunicando as mesmas por todos os medios posibles, para asegurar a participación do alumnado.

- Para a comunicación directa co alumnado, empregaríase a mensaxería EDIXGAL.

- Con respecto á relación coas familias, en caso de confinamento, manteríase unha comunicación estreita e continuada coas mesmas a través da aplicación

¿Abalar Móbil¿ e da conta de correo corporativo, nos casos que sexa a mellor opción.

- Para preparar ao alumnado ante esta eventualidade, procederíase a ofertarlles unha formación de usuario básico da aula virtual de EDIXGAL, sempre que sexa posible, previamente, na escola e, así mesmo, recibirán toda a axuda

precisa no suposto de ser necesario un confinamento.

MODALIDADE C: ENSINO MIXTO.

- Ante a posibilidade de ter confinada a unha parte do alumnado dun grupo estable e en modalidade presencial aos demais membros do mesmo, sería preciso o ensino mixto, de xeito que, aquelas persoas que asistisen ao centro, seguirían a modalidade de ensino presencial, mentres que os demais recibirían formación a distancia ou online, mantendo, na medida do posible, os principios de igualdade de condicións para uns e outros.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- https://learnenglishkids.britishcouncil.org/ ; https://www.eslgamesplus.com/fun-games/ ; https://ourschooliscool2.blogspot.com/ ;
2- The Gruffalo; Spookley the Square Pumpkin; Giraffes can't dance; Elmer; BArk George; We're going on a bear hunt; etc
3.- What's up?; Once Upon a time; Monster Bingo; Shopping list; Charades; What a performance;
4- Roll the dice; Coffeepot/Do you "blop"?; TPR; Simon Says; hopScotch; Hide&Seek; Treasure Hunt; Easter egg Hunt...
5- Roald Dahl collection (Fantastic Mr. Fox, The Magic finger, etc); Candy Pink; The tiger who came to tea; Grumpy monster is coming for lunch; Julia Donaldson's collection, etc
6- Posters e murais: World map, cultural posters; Ancient Egypt; Bonfire night/Thanksgiving
7- https://genial.ly/why-genially/ ; https://www.canva.com/es_419/ ; https://create.kahoot.it/
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9 - Smartboard, laptop, RBG Screen/croma
10- Realia: drama; role-play; Singing real songs; FAcE-2-FAcE theatre and Storytelling
11- Vídeos: https://www.youtube.com/watch?v=r2ggd1Dgrpk ; https://www.youtube.com/watch?v=nQ1cmDQd_oM
12. Cancións e rimas: tongue-twisters: She sells seashells...; Ring of roses; The mulberry bush
13- Actividades DUA: principalmente, todas as incluídas en apartados anteriores de cancións e xogos, adaptándoos ao nivel/necesidades do alumnado.

Materiais:

- Xogos interactivos.
- Materiais dixitais na plataforma EDIXGAL (e tamén extras en formato dixital que poden traballar desde as súas casas)
- Flashcards e wordcards do vocabulario traballado.
- Xogos en inglés.
- Material funxible para os proxectos.
- Material auténtico en inglés.

Recursos Didácticos:

- Portátiles do alumnado.
- Biblioteca de centro.
- Ordenador portátil e proxector.
- Pizarra dixital interactiva.
- Reprodutor de CD.

- Conexión a internet: cancións, fragmentos de vídeos,... en inglés.
- Webs de interese.

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

- Memory
- Drag it.
- Simon says
- Match it.
- Guess it.
- Whats missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"The selfish giant": <https://youtu.be/M8MFW2qG79s>.

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

- * adiviñar a tarxeta;
- * memory game;
- * facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.
- Noughts and crosses.
- Trivial.
- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
- + xogos de rol,
- + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

+ Canva: https://www.canva.com/es_419/

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12-Permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica que resulta motivadora a todos os niveis.

13-Actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na área de primeira lingua estranxeira avaliaranse os seguintes contidos na avaliación inicial de 5º:

- Expresión das horas en inglés.
- A cidade: distintos lugares e onde están respecto a outros.
- Saúdo, despedida e agradecemento en inglés.
- Animais do mar: sharks, dolphins, crabs.
- Partes da casa: bedroom, kitchen, garden.
- Expresións con *¿there is¿, ¿there isn't¿.*
- Expresións con *¿like¿, ¿don't like¿.*
- Preguntas e respostas con *¿have got¿.*
- Uso dos adxectivos *¿big¿, ¿small¿, ¿new¿, ¿old¿.*
- Actividades de tempo libre: playing frisbee, taking photos, playing golf, talking to friends..
- Descrición da cara: hair, eyes, moustache, beard.

DATAS: última semana de setembro/primeiras de outubro.

Dende o comezo das clases ata a data de avaliación inicial traballaranse contidos do curso anterior co propósito de recordalos e repasalos.

INSTRUMENTOS: actividades orais, xogos coa pizarra dixital, actividades con flashcards e wordcards, traballo e xogos con pizarras brancas individuais e fichas con actividades sinxelas de repaso para resolver unindo columnas, rodeando a resposta correcta, completando ocos coas palabras correctas e coloreando determinados obxectos da cor que se indique e traballo nos portátiles do proxecto EDIXGAL.

Neste proceso podense recoller evidencias tales coma gravacións de audio ou video individuais, de interacción en parella ou gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración. O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	15	20	14	20	1	1	1	100
Proba escrita	50	55	50	25	30	30	50	0	20	38
Táboa de indicadores	50	45	50	75	70	70	50	100	80	62

Criterios de cualificación:

25%:

Asamblea: Preguntas realizadas ao grupo clase de cada tema a modo de repaso.

Escala de observación: A nota irá de 0 a 10 en función do grao de consecución

Produccións orais: Valorarase a participación nas actividades orais (cancións, xogos, etc) a repetición e/ou produción da palabra ou frase correcta, así como a súa pronuncia axeitada.

25%

Resolución de exercicios: Valoraranse aspectos como a realización e resolución das tarefas, a presentación, a limpeza, o orde así como a evolución do alumno ou alumna.

Posta en común: Valorarase a participación do alumno ou alumna nas postas en común ou actividades orais do grupoclase e o uso de palabras, frases ou informacións apropiadas en cada situación, progresivamente.

caderno: Valorarase a participación do alumno ou alumna nas postas en común ou actividades orais do grupoclase e o uso de palabras, frases ou informacións apropiadas en cada situación, progresivamente.

50%:

Proba de gramática e das 4 destrezas: Control com preguntas: polo menos, 1 de listening, 1 de speaking, (spelling), 1 de reading e outra de writing, que incluirán vocabulario e gramática.

Total da proba 10 ou múltiplos de 10.

Probas de vocabulario.

A nota final será a suma das notas de cada unha das partes.

Por norma xeral, a nota da avaliación ordinaria será a nota do 3º trimestre (se a progresión nos 3 trimestres foi sempre á alza, tamén se podera reflectir na ordinaria).

Promocionarán a 6º curso de Educación Primaria cando se cumpran as seguintes condicións:

1. Os alumnos/as que fosen avaliados positivamente en todas as áreas.
2. Os alumnos/as que permaneceran un ano máis nalgún curso de Primaria: promoción automática.

3. Alumnos/as que, aínda que avaliados negativamente nalguna das áreas non consideradas instrumentais, acaden en termos globais os obxectivos educativos do curso e mostraran un nivel de desenvolvemento de adquisición das competencias clave que lles vaia permitir continuar no seu proceso de aprendizaxe no curso seguinte.
4. Alumnos/as para os que, aínda avaliados negativamente en diversas áreas, tanto instrumentais como non, tendo en conta o ámbito de socialización, a integración no grupo e os medios e condicións que reúne cada centro, se considere máis beneficiosa a promoción ao curso seguinte.

Non promocionarán a 6º curso de Educación Primaria cando se cumpran as seguintes condicións:

1. Os alumnos/as que non sexan avaliados positivamente nos mínimos esixibles en tres ou máis áreas.
2. Os alumnos/as avaliados negativamente en dúas das seguintes materias: Matemáticas, Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura ou primeira lingua estranxeira.
3. Con dúas áreas suspensas que non sexan as nomeadas no punto 2, ou que só estea implicada unha delas, analizarase cada caso valorando a actitude do alumno/a na materia e a madurez global.

Crterios de recuperación:

A través da superación de diversas probas de recuperación, orais e/ou escritas, de vocabulario e gramática, ou ben da realización dun portfolio final de cada unidade temática ou lexical (produto sobre o que se realizarán 4 preguntas segundo os intereses do alumnado, para integrarmos as 4 destrezas.

A avaliación será contnua, formativa, sumativa e final.

6. Medidas de atención á diversidade

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias.

Poden ser medidas ordinarias ou extraordinarias.

As medidas ordinarias inclúen plans tutoriais e mestres con disposición horaria.

Os plans tutoriais engloban o plan de reforzo educativo (instrumental básico), o plan de reforzo para alumnado repetidor e o plan de reforzo para alumnado con materias pendentes do curso anterior.

As medidas extraordinarias, por outra banda, serían Adaptación Curricular e atención por parte dos especialistas de Pedagogía Terapéutica (P.T.) e de Audición e Linguaxe (A.L.).

Diferentes medidas de atención á diversidade:

1.- Respecto á temporalización:

- Modificar o tempo previsto para a realización da tarefa, para a adquisición dun contido... Acelerar / desacelerar a introdución de novos contidos.

2.- Respecto á metodoloxía e as actividades:

- Establecer diferentes niveis de axuda dentro da aula. Empregar distintas técnicas instrucionais ou procedementos didácticos en función das dificultades. Diseñar actividades de aprendizaxe diferenciadas, con diferente grao de dificultade e profundización en función do nivel do alumnado, de reforzo, de ampliación, ... Utilizar certas formas de traballo cooperativo a través de proxectos e talleres. Coidar moito que os alumnos comprendan a información que se lles proporciona.

3.- Respecto aos materiais.

- Adecuar os materiais escritos (por exemplo, vocabulario previo, etc. que permitan ao alumnado acceder á comprensión dun tema). Utilizar unha gran variedade de recursos didácticos (imaxes, flashcards e wordcards, vídeos, ordenador, xogos...) e non soamente o libro de texto.

4.- Respecto aos agrupamentos.

- Probar diferentes agrupamentos para as tarefas e para os alumnos/as. Favorecer a aprendizaxe entre iguais (conseguir a colaboración, grupos de traballo cooperativo...)

5.- Respecto á avaliación.

- Proporcionar ao alumnado información clara e concisa sobre criterios de avaliación e de calificación. Avaliar os diferentes tipos de contidos, en relación ás actividades realizadas e con procedementos adecuados a eses contidos.

- Seleccionar instrumentos variados (escalas de observación, probas específicas, traballos individuais e en grupo, dar máis tempo para a realización de determinadas probas, valorar determinadas partes dos exercicios de avaliación en función dos contidos seleccionados, darlles a coñecer os resultados da avaliación ou corrección, autocorrección, coavaliación,...) adecuados ao que fixeron, ao que aprenderon e a como o aprenderon. Avaliar non só o produto final, senón o proceso de aprendizaxe.

6.- Respecto aos obxectivos e contidos.

- Priorizar certos obxectivos sobre outros en función das capacidades do alumnado. Organizar e secuenciar os contidos de forma distinta. Dar máis tempo para a adquisición de determinados contidos e respectar os distintos ritmos e niveis de aprendizaxe. Para presentar os contidos, utilizar diferentes estratexias. Dar prioridade aos contidos máis funcionais que son necesarios para acceder a outros.

7.- Estratexias para a mellora dos Hábitos de Traballo:

- Orientacións para a organización e xestión do tempo de estudo e de traballo. Plan diario. Uso da AXENDA. Control frecuente do traballo do alumno. Revisión e seguemento sistemático dos cadernos de clase.

8.- Estratexias para mellorar a comprensión e retención de contidos:

- Anticipar contidos (que sei, que quero descubrir, que aprendín). Clarificación de conceptos básicos. Relacionar conceptos con outros xa aprendidos.

9.- Estratexias para a mellora da autonomía persoal e a socialización.

- Aumento da participación na clase dando pequenas responsabilidades. Axustar o nivel de axuda ás necesidades e situacións. Dar valor ás tentativas que os alumnos fan para resolver as tarefas. Organizar unha folla de rexistro coas dificultades e evolucións dos alumnos con máis dificultades. Promover a toma de decisións destes alumnos. Reforzar os comportamentos ben feitos na clase. Establecer na clase ambientes menos competitivos e máis colaborativos. Pedir aos alumnos con máis problemas que realicen tarefas que de partida sabemos que saben facer.

10.- Estratexias para mellorar a atención.

- Sentar ao alumno/a nunha zona con poucos distractores e de maneira que consigan visualizar a pizarra sen necesidade de realizar axustes motores continuos - Que non teñan na mesa nada que non necesiten neses momentos. Axudar a que organicen as tarefas de forma estruturada. Establecer regras claras e cumprilas. Facer preguntas. Sacalo á pizarra ou a xogar na PDI (pizarra dixital interactiva). Variar o tono de voz. Usar e reclamar o contacto visual. Explicar a finalidade e relevancia da tarefa, individualmente se fose necesario. Organizar a aula de maneira que se formen pequenos grupos ou parellas que axuden a manter a atención.

GRUPO EN XERAL: Actividades de reforzo e ampliación.

Para atender dun xeito personalizado ás necesidades educativas do grupoclase, contemplamos a realización de actividades de reforzo (para afianzar contidos cos alumnos/as que o precisen) ou de ampliación (aqueles alumnos/as que xa teñen os contidos adquiridos e é posible un maior nivel de esixencia) tendo como referencia a programación de área.

Inclúense reforzos para aqueles alumnos que presentan dificultades puntuais nesta área.

Como criterios xerais, os reforzos de inglés serán impartidos polo profesor da materia nas súas sesións.

Para determinar que alumnado recibirá o reforzo, terase en conta a información da avaliación do curso anterior e da avaliación inicial.

Os reforzos pódense realizar tanto dentro como fóra da aula ordinaria, en grupo pequeno ou incluso de maneira individual se se estimase que as dificultades así o requiren.

CASO 1: Alumnado repetidor.

Tendo en conta os aspectos a recuperar recollidos dentro do plan específico de reforzo nas áreas que non superou e seleccionados os recursos a empregar, a programación modificarase tendo en conta os seguintes aspectos:

Partir do nivel de competencia curricular do alumno.

Establecer unha secuencia ordenada e progresiva no nivel de dificultade dos contidos mínimos.

Seleccionar e reducir a cantidade de tarefas que permitan acadar os obxectivos marcados.

Plantexar actividades de reforzo para ir consolidando as aprendizaxes.

Introducir modificacións nos tempos e formas de avaliación se é necesario, valorando cada caso concreto.

Aplicar as medidas de atención a diversidade que respondan ás súas necesidades (de metodoloxía, para a atención?).

Realizar unha atención máis individualizada coa supervisión do D.O.

CASO 2: Alumnado con ACS.

As fontes básicas das ACS son a avaliación do alumno e do seu contexto de aprendizaxe e o currículo ordinario. E deben de tender a apartarse o menos posible da programación común, polo que é preferible comezar polas adaptacións no como ensinar e avaliar, e continuar polas referidas ao que e cando ensinar e avaliar.

Na programación temos en conta a ACS e adaptamos as tarefas do grupo e os recursos ao nivel de competencia no que se atopa o alumno, así como as explicacións e a dosificación da información. Mediante o seguemento e avaliación iremos ampliando os contidos a traballar a medida que o alumno vaia superando as súas dificultades.

CASO 3: Alumnado de pedagogía terapéutica.

Son alumnos que manifestan un desfase curricular ou por ser alumnado con NEAE traballan con programacións individualizadas, que responden ás necesidades de cada alumno ou grupo de alumnos, dentro da aula ordinaria ou na aula específica, co acordo e a estreita colaboración entre o titor/a ou profesor de área e o profesor/a de P.T, tendo como referencia a programación do grupo-clase para facilitar os procesos de aprendizaxe e favorecer no posible o seu acceso ao currículo ordinario.

Debido a que soen traballar contidos e aprendizaxes específicos, a programación da área debe aplicarse dun xeito flexible evitando a sobrecarga de tarefas (do grupo e de PT) seleccionando a información e aplicando moitas das medidas de atención a diversidade que xa citamos.

CASO 4: Alumnado de audición e linguaxe.

Son alumnos que manifestan necesidades educativas da linguaxe e seguen un programa individualizado que traballan fóra da aula ordinaria polo que en función do horario e sesións que lle asigne o D.O. aplicaremos modificacións na nosa programación na temporalización.

CASO 5: Alumnado con inglés ou outras materias pendentes.

A partir da información da avaliación do curso anterior e da inicial debemos determinar as debilidades e fortalezas que ten o alumno/a na materia, valorar se precisa reforzo do mestre de nivel ou de PT por parte do D.O. e realizar as modificacións na nosa programación de atención á diversidade recollidas anteriormente e que mellor respondan ás súas necesidades (na avaliación, na temporalización, actividades de reforzo?).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X		
ET.2 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X		
ET.3 - Os dereitos da Infancia	X					X		
ET.4 - Mobilidade sostible (to ride and walk makes the heart beat more)		X		X		X		
ET.5 - Educación en igualdade e transxénero LGTBI+Q		X	X			X		
ET.6 - Comprensión lectora e expresión oral: In love with Shakespeare				X	X			

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	
ET.2 - A resolución pacífica de conflitos	
ET.3 - Os dereitos da Infancia	
ET.4 - Mobilidade sostible (to ride and walk makes the heart beat more)	
ET.5 - Educación en igualdade e transxénero LGTBI+Q	
ET.6 - Comprensión lectora e expresión oral: In love with Shakespeare	

Observacións:

*Os cross-curricular topics poderán ser (re)introducidos en calquera das unidades, se a organización de actividades complementarias do propio centro e de disponibilidad do especialista así o aconsellan

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.		X	
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....		X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Hogmaney; Robbie Burns day...	X	X	

Observacións:

Propostas, ademais de Samhain, Magosto, Peace Day, etc.

Storytelling inglés <https://teatroeningles.com/project/help>

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

Nunha escala de 1 ao 4:

CONTIDOS:

Inclúe todos os contidos necesarios.
Os contidos están secuenciados adecuadamente.

TEMPORALIZACIÓN:

Determinouse con precisión a temporalización.
Respectouse a distribución temporal dos contidos.
A temporalización inclúe o tempo dedicado ás actividades de avaliación.

METODOLOXÍA:

Hai variedade de actividades propostas.
Formula diferentes tipos de agrupamentos.
Detalláronse todos os recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento da programación.
As estratexias metodolóxicas seleccionadas son as adecuadas.

AVALIACIÓN:

Os criterios de avaliación/estándares son claros.
Formula diversos instrumentos de avaliación.
Concretáronse os instrumentos de avaliación en todos os casos.
Inclúe os criterios de cualificación.
O/A alumno/a sabe ¿o que se espera del/dela?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Unidades didácticas

EN assemblea, determinar e valorar que elementos de cada unidade didáctica foron os máis destacados e os menos populares cara a práctica das 4 destrezas lingüísticas:

UD 1 UD 2 UD 3 UD 4 UD 5 UD 6 UD 7 UD 8 UD 9

L S R W

Nunha escala de 1 ao 4:

CONTIDOS:

Inclúe todos os contidos necesarios.

Os contidos están secuenciados adecuadamente.

TEMPORALIZACIÓN:

Determinouse con precisión a temporalización.

Respectouse a distribución temporal dos contidos.

A temporalización inclúe o tempo dedicado ás actividades de avaliación.

METODOLOXÍA:

Hai variedade de actividades propostas.

Formula diferentes tipos de agrupamentos.

Detalláronse todos os recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento da programación.

As estratexias metodolóxicas seleccionadas son as adecuadas.

AVALIACIÓN:

Os criterios de avaliación/estándares son claros.

Formula diversos instrumentos de avaliación.

Concretáronse os instrumentos de avaliación en todos os casos.

Inclúe os criterios de cualificación.

O/A alumno/a sabe ¿o que se espera del/dela?

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015652	CEIP O Piñeiriño	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

1. Introducción

Programación didáctica para a área de Lingua Castelá e Literatura de 5º de primaria.

O CEIP O Piñeiríño está situado nun extremo do barrio do mesmo nome, na zona sur da cidade de Vilagarcía de Arousa. Neste curso 2023-2024 escolariza a 279 nenos e nenas de EI e de EP e ten 6 mestres de EI, 11 mestres de EP, 2 de Educación Física, 2 de Inglés, 2 de Relixión Católica (itinerantes), 1 de Educación Musical, 1 orientador, 1 de PT e 1 de AL e 1 coidadora.

As instalacións do centro son completas e axeitadas aínda que no referido á accesibilidade física, non conta con rampas de acceso nin ascensor, dificultando a mobilidade entre plantas.

Ademais das aulas ordinarias de cada grupo de alumnos, o centro conta coas seguintes: aula de inglés, aula de música, aula de informática, aula de plástica e aula de educación física. Dispón tamén dunha biblioteca, ben dotada e atendida polo propio profesorado e dun salón de usos múltiples, utilizado para o desenvolvemento de variados tipos de actos (festivais, conferencias, xuntanzas coas familias, escola de pais ÿ) e polo alumnado de infantil para a realización de actividades de psicomotricidade.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, un porto , a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, así como diferentes lugares para o lecer como praias , parques, campo de fútbol e baloncesto...

Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo.

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados arredor de 280 alumnos e alumnas e que conta con dúas unidades para cada nivel de Primaria.

Hai en 5º 2 grupos de 16 e 17 alumnos e alumnas.

O colexio, que ten horario de xornada continua, de 9:30 a 14:30, dispón de comedo, plan Madruga e servizo de transporte escolar. O día reservado para atención a familias é o martes, de 16:30h a 17:30h.

Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, unha biblioteca incluída en PLAMBE, ou un espazo multiusos no que se pode facer representacións teatrais. Tamén temos Digicfrat.

Cóntase tamén con outros recursos, como unha biblioteca incluída en PLAMBE, que é ademais espazo multiusos no que se pode facer representacións teatrais.

Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

Centrándonos na propia área de Lingua Galega e Literatura, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen a súa contorna e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 9 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xogamos cas palabras.	Identidade lingüística (linguas da nosa contorna.) Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral: presencial, telefónica, videoconferencia... Canles de comunicación escrita: manuscrita, impresa e dixital... Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, uso de maiúsculas/minúsculas. Textos literarios e non literarios, o	11	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xogamos cas palabras.	diccionario; presentarnos aos demais e facer a ficha dun libro; poesía.	11	16	X		
2	Emocionámonos.	Diversidade lingüística (distintas formas do galego) Escoita activa e comprensiva de textos orais. Normas de comunicación oral (escoitar, respectar quendas, intervir cando corresponda). Lectura comprensiva de textos escritos. Poesía e cantigas medievais. Creación colectiva de textos. Sinónimos/antónimos. Palabras agudas, llanas e esdrúxulas; describir os sentimentos e describimos persoas. normas de acentuación.	11	16	X		
3	Contamos un conto?	Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais. Recoñecemento de diferentes tipos de textos escritos. Palabras homónimas-polisémicas e homosémicas; a oración (suxeito e predicado); tipos de rima (consoante e asonante), o conto; describimos obxectos; ditongos/ hiatos. O nome ou substantivo; (clases); o acento diacrítico.	11	16	X		
4	Investigamos unha noticia.	A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das historias. A noticia (partes). A lingua escrita como medio para vivenciar emocións en textos narrativos. Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos. Xénero e número do substantivo. signos de puntuación(punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos e os dous puntos). Palabras primitivas e derivadas.	12	15		X	
5	Cociñamos?	Sufixos/prefixos. O teatro. os determinantes (determinados/indeterminados, demostrativos e posesivos). As contraccións. Uso do b/v. Palabras compostas. Escribir unha receita e dar instrucións. O debate e entrada nun blog.	11	15		X	
6	Teño un diario!	Expresión de vivencias persoais. As experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías, descricións de persoas. Familia de palabras e campo semántico; Palabras con h.. Determinantes(indefinidos e numerais). Cartas ao director.	11	16		X	
7	Contamos experiencias.	Contar experiencias e redactar unha folla de reclamacións;; describir un lugar Formación do feminino no substantivo, singular/plural. Metáfora e comparación e personificación; formación do adxectivo-	11	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Contamos experiencias.	graos do adxectivo; uso do x/s, cc/ct; O pronome persoal.	11	15			X
8	A importancia da cultura tradicional.	Fábulas e mitos; palabras con i//l; expresar acordos e desacordos. Facer un itinerario. A entrevista (preparación previa e redacción) O verbo (tempo, modo e forma). Aumentativos e diminutivos.	11	15			X
9	A importancia da lectura.	A literatura infantil e xuvenil; A prensa escrita nos distintos soportes. Falar con cortesía e a instancia; Palabras invariables: preposicións, adverbios, palabras con -cio, -cia, -zo, -za.	11	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xogamos cas palabras.	16

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escrebe un texto breve instructivo de forma comprensiva.	PE	34
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escrebe un texto breve con acentuación correcta.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Resume textos instructivos ampliando o seu vocabulario.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa a mesma consideración polos compañeiros e compañeiras con lingua materna diferente	TI	66
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa, o galego, o castelán e o inglés.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Trata con consideración a compañeiros e compañeiras con lingua ou cultura familiar diferente.		

- Comparación e ordenación de números naturais, decimais e fraccións con igual denominador como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas.
- Relacións e funcións
- Comparación de números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, $?$, $>$,
- Obtención de datos sinxelos descoñecidos representados por medio dun símbolo ou completado de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - que o dato obtido é correcto. - Crenzas, actitudes e emocións. - Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.

UD	Título da UD	Duración
3	MÚLTIPLOS E DIVISORES.	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	1.4 Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	PE	60
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	1.2 Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	TI	40
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	1.3 Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA1.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	1.5 Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA1.8 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	1.8 Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA6.2 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	6.2 Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre as operacións aritméticas de suma e multiplicación, suma e resta, resta e división, multiplicación e división, fracción e división; aplicación en contextos cotiáns. - Construción manipulativa e gráfica con pezas de construción, regras, cuadrículas, tramas de puntos e de múltiplos e divisores para investigar a relación de divisibilidade. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores e a relación entre eles.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconceito positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
4	FRACCIÓNS.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	1.4 Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	PE	60
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	1.2 Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	TI	40
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	1.3 Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA1.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	1.6 Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.		
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	6.4 Participar na repartición de tarefas respectando as responsabilidades asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.		
CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	6.5 Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente comunicándose de forma efectiva no traballo e na resolución pacífica de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Cantidade - Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de fraccións en textos e contextos familiares e habituais.

Contidos

- Expresión de fraccións e decimais en contextos da vida cotiá: selección da expresión máis adecuada para cada situación previa manipulación, exploración de regularidades e procura de equivalencias.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas (con números naturais, decimais e fraccións) con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias con flexibilidade e sentido e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade.
- Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións e decimais) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Relacións
- Comparación e ordenación de números naturais, decimais e fraccións con igual denominador como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas.
- Investigación e comprobación da relación entre fraccións sinxelas (metade, cuarto, décimo), decimais (0,5, 0,25, 0,10) e porcentaxes (50 %, 25 % e 10 %) en situacións cotiás.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade.

UD	Título da UD	Duración
5	MEDIDAS DE LONXITUDE, CAPACIDADE E MASA.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	2.3 Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada,.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	2.1 Participar no reparto de tarefas, respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo.	TI	40
CA2.2 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	2.2 Seleccionar entre dúas estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.		
CA2.5 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	2.5 Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos con axuda dos gráficos e da propia experiencia.		
CA2.6 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	2.6 Utilizar as conexións entre as matemáticas, as ciencias, a ética, os ODS e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.		
CA2.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	2.7 Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	6.3 Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións baseadas no respecto, a igualdade e a resolución de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna; elección da medida máis adecuada en cada situación. - Medición - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións (lonxitude, masa, capacidade, tempo e ángulos) no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxicos ou dixitais), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, coñecemento das equivalencias entre medidas, medición precisa seguindo os procesos adecuados. - Estimación e relacións - Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades. - Resolución de retos e problemas que permitan observar e comprobar a relación existente entre o sistema métrico decimal e o sistema de numeración decimal. - Estratexias para a estimación de medidas do sistema métrico decimal, de ángulos, tempo e temperatura por comparación con unidades de medida coñecidas e a súa aplicación en contextos habituais, con verificación dos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - resultados, comprobación de se son posibles ou non e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe. - Crenzas, actitudes e emocións. - Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
6	MEDIDA DE SUPERFICIE.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	2.3 Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada.	PE	60
CA2.5 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	2.5 Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos con axuda dos gráficos e da propia experiencia.	TI	40
CA3.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	3.3 Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA3.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	3.7 Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA4.2 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	4.2 Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.		
CA6.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	6.7 Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna; elección da medida máis adecuada en cada situación. - Medición - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións (lonxitude, masa, capacidade, tempo e ángulos) no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxicos ou

Contidos

- dixitais), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, coñecemento das equivalencias entre medidas, medición precisa seguindo os procesos adecuados.
- Estimación e relacións
- Resolución de retos e problemas que permitan observar e comprobar a relación existente entre o sistema métrico decimal e o sistema de numeración decimal.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas (triángulos, cadrados e rectángulos), con contraste de estratexias e resultados.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas.

UD	Título da UD	Duración
7	SISTEMA SEXAXESIMAL: ÁNGULOS E TEMPO. EDUCACIÓN FINANCEIRA.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	2.3 Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada.	PE	60
CA1.8 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	1.8 Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	TI	40
CA1.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	1.9 Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		
CA2.4 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	2.4 Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	2.7 Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA2.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Comunicar oralmente e de forma gráfica as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	6.1 Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Razoamento proporcional - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo os procesos e estratexias adecuadas, que impliquen o uso de porcentaxes: rebaixas, contidos nos alimentos envasados, análise deportiva, votacións? - Educación financeira <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de situacións da vida cotiá que requiran dun manexo responsable do diñeiro: a cesta da compra, o aforro, os gastos domésticos, os salarios, as necesidades básicas, as marcas, a calidade e o prezo. - Resolución individual ou en equipo de problemas en situacións cotiás que requiran unha correcta administración do diñeiro e consumo responsable, con análise crítica das relacións valor/prezo, calidade/prezo, mellor prezo, con emprego de propostas sobre ofertas e rebaixas, para comparar e elixir a mellor opción nunha compra simulada. - Formulación e resolución de problemas de índole financeiro que impliquen a elección dun produto, a análise das relacións valor/prezo e calidade/prezo, e a xustificación da decisión tomada. - Magnitude <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna; elección da medida máis adecuada en cada situación. - Medición <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións (lonxitude, masa, capacidade, tempo e ángulos) no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxicos ou dixitais), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, coñecemento das equivalencias entre medidas, medición precisa seguindo os procesos adecuados. - Estimación e relacións <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades. - Estratexias para a estimación de medidas do sistema métrico decimal, de ángulos, tempo e temperatura por comparación con unidades de medida coñecidas e a súa aplicación en contextos habituais, con verificación dos resultados, comprobación de se son posibles ou non e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe. - Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as queandas de intervención, a percepción emocional do tempo? na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
8	FIGURAS PLANAS E CORPOS XEOMÉTRICOS.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	3.6 Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	PE	60
CA3.4 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	3.4 Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	TI	40
CA3.5 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	3.5 Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA3.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	3.7 Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	4.4 Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.		
CA6.2 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	6.1 Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições relativas ao seu contorno físico, aos obxectos e á arte con vocabulario adecuado relacionado con figuras e corpos xeométricos, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría) e posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos cardinais, distancias, ángulos e xiros). - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables como cuadrículas, xeoplanos, políedros, bloques xeométricos, orgánicos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram e o manexo de ferramentas dixitais de xeometría dinámica, realidade aumentada e robótica educativa para a procura de regularidades, comparación e clasificación con criterios sinxelos e explicación do proceso. - Resolución de problemas contextualizados que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrição de corpos xeométricos en obxectos e imaxes, demostrando curiosidade por descubrir propiedades e relacións, con

Contidos

- explicación do proceso.
- Estratexias e técnicas de construción de figuras e corpos xeométricos por composición e descomposición, mediante materiais manipulables, instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás) e aplicacións informáticas, con explicación do proceso seguido.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipótese e construción, argumentación e toma de decisións.
- Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación que hai que resolver.
- Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás e transportador de ángulos) e programas de xeometría dinámica para a elaboración de conxecturas sobre propiedades xeométricas.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.

UD	Título da UD	Duración
9	ORIENTACIÓN NO PLANO E NO ESPAZO.	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	6.7 Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	PE	60
CA3.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	3.1 Traballar en equipo activamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas na igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	TI	40
CA3.2 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	3.2 Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	3.8 Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		
CA4.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	4.5 Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	6.6 Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización e sistemas de representación - Interpretación e descrición co uso de vocabulario adecuado das direccións e da posición relativa en planos e mapas a partir de puntos de referencia (incluídos os puntos cardinais) e indicación relativa de distancias en soportes físicos e virtuais. - Descrición de posicións e movementos no primeiro cuadrante do sistema de coordenadas cartesiano a través de xogos e retos (gráficos, robótica educativa), identificando utilidades habituais. - Elaboración de itinerarios sinxelos en planos, bosquexos, mapas e maquetas con representación de situacións da vida cotiá. - Movementos e transformacións - Identificación de figuras transformadas en situacións da vida cotiá, observando translacións e simetrías. - Xeración de figuras transformadas a partir dun patrón, realización de predicións sobre o resultado e contraste das opinións en equipo. - Identificación de figuras semellantes (ampliacións, reducións) en situacións da vida cotiá. - Xeración de figuras semellantes a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial con predición do resultado. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos, e en calquera outro ámbito da vida cotiá. - Patróns - Creación de patróns recorrentes a partir de regularidades ou doutros patróns con números, figuras ou imaxes. - Crenzas, actitudes e emocións. - Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas. - Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros. - Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade - Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción

Contidos

- simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
10	REPRESENTACIÓN DE DATOS.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	5.4 Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	PE	40
CA4.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	4.1 Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	TI	60
CA4.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	4.3 Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA4.6 - Modelizar situacións da vida cotiá utilizando, de forma pautada, principios básicos do pensamento computacional.	4.6 Expresar situacións da vida cotiá de forma pautada usando principios básicos do pensamento computacional.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	4.7. Empregar a calculadora na investigación e resolución de problemas.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	5.1 Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións baseadas no respecto, a igualdade e a resolución de conflitos.		
CA5.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	5.2 Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.		
CA5.3 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	5.3 Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.		
CA5.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	5.5 Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA5.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	5.6 Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	5.7 Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA5.8 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	5.8 Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA6.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	6.8 Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Patróns - Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes, con anticipación ou extensión da secuencia. - Creación de patróns recorrentes a partir de regularidades ou doutros patróns con números, figuras ou imaxes. - Modelo matemático - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado. - Pensamento computacional - Estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo nas regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, representacións computacionais. - Organización e análise de datos - Identificación de datos cuantitativos e cualitativos da contorna próxima que podemos rexistrar e cuantificar. - Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas; uso desa información na resolución de problemas. - Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos. - Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos (enquisas, medicións, observacións) de maneira individual ou en equipo para aplicar en situacións contextualizadas. - Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras e histograma), con emprego de recursos tradicionais e tecnolóxicos e elección do máis adecuado á situación. - Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda en resolución de problemas en contextos cotiáns. - Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da

Contidos

- calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo.
- Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición destas.
- Incerteza
- Identificación da incerteza en situacións da vida cotiá a través da cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos baseados en xogos de cartas, dados, moedas
- Investigación sobre a contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano.
- Inferencia
- Coñecemento da necesidade de mostras cando a poboación é moi grande, procura de exemplos de estudos con mostras no contexto cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, novas tecnoloxías, consumo...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a

realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo e, por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos. Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, xeoplanos...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fíos, lás, ...
Material de debuxo: regra, escuadra, cartabón e compás.
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmulase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario, pero de maneira que non supoña un elemento distractor cando non se precise.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado. Debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

Así, a avaliación inicial terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	40
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	60

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	58
Táboa de indicadores	42

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3 + NOTA UD4) / 4

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6 + NOTA UD7) / 3

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD8 + NOTA UD9 + NOTA UD10) / 3

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

Probas escritas: 60%. Táboa de indicadores: 40%.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Media das notas das 10 UD.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Criterios de recuperación:

Cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

MEDIDAS ORDINARIAS

Entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado.

Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Aplicarase a exención da área de Lingua galega no caso de dous alumnos que chegaron de Latinoamérica, unha vez iniciado o curso.

Para unha mellor atención á diversidade das aulas levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levaremos a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Estableceremos colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro).

Participaremos en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades como: Plan Director, Prensa na escola, Leite e froita na escola... entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X				X		
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento	X	X		X		X		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz			X	X	X			
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X			X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		
ET.4 - Competencia dixital		
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X

	UD 9	UD 10
ET.7 - Espírito do emprendemento		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X
ET.9 - Educación para a Paz		
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais. Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai seis temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...		X	
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións, como por exemplo o Plan Director.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivador para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Sempre se utilizan recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade.
Propónse un plan de traballo para cada unidade.
Metodoloxía empregada
O 75% do alumnado acada unha valoración positiva na área de Matemáticas.
Sempre se usa material manipulativo para introducir novos contidos.
Contextualización dos contidos matemáticos na vida cotiá.
Foméntase o emprego de linguaxe matemática axeitada.
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Establécense relacións entre os contidos e actividades cos coñecementos previos.
Cando a motivación decae propóñense actividades divertidas e curiosas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
No 70% das sesións lévanse a cabo actividades de aula de traballo cooperativo e colaborativo.
Medidas de atención á diversidade
Empréganse instrumentos de avaliación adaptados á diversidade.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
O/a profesor/a é accesible ás familias.
Outros
Empréganse, polo menos, 5 instrumentos de avaliación.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015652	CEIP O Piñeiriño	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A educación artística é de especial relevancia na educación primaria, xa que segundo indican os avances na neurociencia e nas ciencias da educación contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, a través do desenvolvemento da percepción e da motricidade; intelectual, a través da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo prazo; social e comunicativa, estimulando a expresividade, a sensibilidade social e as capacidades comunicativas; emocional e afectiva, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e da emotividade; estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía. En consecuencia, a educación artística desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal. A área de Música e Danza na educación primaria dá continuidade ao desenvolvemento iniciado polo alumnado na etapa de educación infantil a nivel expresivo e comunicativo a través das áreas globalizadas.

A área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa. Por unha banda, o alumnado debe ser partícipe da comprensión da cultura na que vive para poder dialogar con ela, elaborar criterios útiles de entendemento e gozo e desenvolver progresivamente o sentido crítico.

Deste xeito, é esencial traballar a confianza en si mesmo, a autoestima e a empatía. Tamén é moi relevante a valoración de producións culturais e artísticas diversas que enriquezan tanto ao individuo como a sociedade, xa que o diálogo intercultural e o respecto á diversidade son ferramentas poderosas para a reconciliación, a cohesión social e a creación de sociedades pacíficas. Por outra banda, a área de Música e Danza favorece a experimentación, a expresión e a produción artística de forma progresiva ao longo dos tres ciclos nos que se organiza a educación primaria. O alumnado explorará as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas sonoras e corporais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual coma colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área. As disciplinas artísticas deben tratarse baixo a perspectiva de xénero, polo que cómpre incorporar e normalizar tamén a contribución das mulleres á evolución da música e da danza, historicamente esquecida. Deste xeito, favorecerase que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan acadar unha visión igualitaria da sociedade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	OS SONS E A MÚSICA.	<p>O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</p> <p>O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.</p> <p>O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario.</p> <p>Introdución ao concepto de subdivisión.</p> <p>A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.</p> <p>A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas.</p> <p>Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo.</p> <p>Identificación visual e auditiva.</p> <p>Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos.</p> <p>Instrumentos caseiros.</p>	17	6	X		
2	TOCAMOS E CANTAMOS.	<p>Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e</p>	17	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	TOCAMOS E CANTAMOS.	<p>expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</p> <p>Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.</p> <p>Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.</p>	17	6	X		
3	MÚSICOS E MÚSICAS.	<p>Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración.</p> <p>Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</p> <p>Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración. Elementos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica.</p> <p>Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.</p> <p>Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.</p> <p>Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.</p> <p>Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</p>	16	6		X	
4	A TRADICIÓN.	<p>Instrumentos tradicionais na música galega.</p> <p>Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</p> <p>Aproximación aos principais xéneros musicais.</p> <p>Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva</p>	16	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A TRADICIÓN.	de xénero. Vocabulario específico de música.	16	5		X	
5	CREAMOS.	<p>Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.</p> <p>Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</p> <p>Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.</p> <p>Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.</p>	17	6			X
6	MOVE O CORPO E...A BAILAR!	<p>O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.</p> <p>Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</p>	17	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	OS SONS E A MÚSICA.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Recoñecer e interpretar elementos básicos da linguaxe musical.	TI	100
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Cumprir normas de comportamento.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Empregar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais e instrumentais sinxelas.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Ter actitude positiva cara a expresión de ideas, sentimentos e emocións.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar a recepción de propostas artísticas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar a creación e interpretación de propostas artísticas, escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. - Vocabulario específico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias de recepción activa. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	TOCAMOS E CANTAMOS.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Cumprir as normas de comportamento.	TI	100
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Utilizat elementos básicos da linguaxe musical para as producións culturais e artísticas.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar a realización de actividades.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar as propostas artísticas, escénicas e performativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
3	MÚSICOS E MÚSICAS.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas.	Explorar manifestacións culturais e artísticas diferentes.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analizar as diferentes manifestacións artísticas que forman parte do patrimonio.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar a recepción de propostas artísticas cumprindo as normas de comportamento.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar a realización de actividades e mostrar actitude positiva cara as ideas sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Mostrar curiosidade por diferentes xéneros, estilos épocas e culturas.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analizar diferenzas e similitudes de diferentes manifestacións culturais.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar a recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar a creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración.

Contidos
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
4	A TRADICIÓN.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Mostrar curiosidade por diferentes propostas artísticas.	TI	100
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar a recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar a realización de actividades musicais.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas.	Explorar manifestacións culturais, e artísticas escénicas e performativas e coñecer as súas características.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións e emocións que producen algunhas manifestacións culturais e artísticas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar a recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar a creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación aos principais xéneros musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
5	CREAMOS.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Procurar información sobre diferentes manifestacións artísticas e culturais.	TI	100
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións que producen as manifestacións culturais e artísticas.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar a recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planificar e deseñar producións artísticas de xeito cooperativo.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar a realización de actividades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar a recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participar nas producións culturais empregando elementos básicos de expresión corporal.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explicar os procesos creativos e resultado final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mostrar actitude positiva cara a expresión de ideas, sentimentos e emocións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo. - Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
6	MOVE O CORPO E...A BAILAR!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar a recepción de propostas artísticas musicais.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras básicas co corpo,son, imaxe e medios dixitais.		
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir os proxectos creativos.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar a realización de actividades .		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar a recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crear obras propias con diferentes posibilidades expresivas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar ideas, sentimentos e emocións,		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar a creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será activa baseada nunha formación musical integral na que o alumnado aprenda disfrutando e que a música e danza pase a ser parte da súa vida. É fundamental que os nenos e nenas non só aprendan unha disciplina senón que a música e o movemento enriqueza a súa sensibilidade e coñecemento.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Os materiais e recursos didácticos serán os que en cada momento requiran os contidos a tratar.

Ordenador clase de música.
Cadea musical con CD, amplificador e fío musical con conexión ao ordenador da clase.
Material audiovisual.
Encerado dixital.
Internet.
Instrumentos orff.
Fruta doce.
Partituras
Letras de cancións.
Material de psicomotricidade: aros, cordas, picas....

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de cada curso e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao seu alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe.

Nesta avaliación inicial obteremos información sobre:

O grao de desenvolvemento das competencias básicas.

Informes persoais previos nos que consten dificultades atopadas polo alumno no proceso de aprendizaxe e medidas de atención á diversidade adoptadas, problemas de saúde, asistencia a gabinetes externos...

Información obtida das familias sobre circunstancias do medio sociofamiliar que poidan influir no rendemento académico.

Información sobre aqueles outros aspectos que condicionen a aprendizaxe como son os hábitos e métodos de traballo, grao de autonomía, motivación, adaptación ao grupo...

Esta información obtida na avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así coma adoptar medidas de apoio, reforzo ou recuperación que se consideren oportunas para cada caso.

Farase constar no apartado correspondente do XADE e será recibida pola mestra especialista de Educación musical para actuar en consecuencia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	16	16	17	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Actitude e comportamento 25%
 Participación e desenvolvemento das danzas 25%
 Interpretación dunha melodía sinxela cun instrumento.25%
 Táboa de indicadores 25%.

Criterios de recuperación:

Unha das características básicas da educación musical é que é moi práctica polo tanto o reforzo levarase a cabo ao longo e na mesma clase coa finalidade de que todo o alumnado alcance os obxectivos do currículo correspondente ao seu nivel, que serán os mesmos que para o resto do grupo de referencia.

As medidas levadas a cabo consistirán en:

Adaptación das actividades musicais ao nivel máis básico para que ditos alumnos poidan participar.

Aumento gradual da dificultade ata conseguir a súa participación.

Reforzar e repetir as actividades no caso de que fose necesario.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade debe ser entendida como un elemento enriquecedor do alumnado posto que desenvolve unha visión máis tolerante cara as diferenzas.

Así mesmo para a atención á diversidade seguiranse as pautas establecidas dende o Departamento de Orientación no plan de Atención á Diversidade.

Modalidades de atención:

-De tipo curricular: reforzo educativo e adaptación curricular .

-De tipo organizativo: Grupos flexibles para alumnado que descoñece os dous idiomas da nosa comunidade.

-De adaptación de competencia curricular: Agrupamentos flexibles coa finalidade do progreso na competencia curricular para o alumnado que presenta desfase curricular de dous ou máis cursos.

-Os alumnos doutras culturas son alumnos integrados na área de educación artística, aínda que normalmente non traen nocións básicas previas, levan un ritmo similar ao grupo onde están integrados ata que poidan seguir as clases sen dificultade.

A sobredotación (acreditada mediante avaliación psicopedagóxica) require tarefas de maior dificultade en moitos casos só para eses alumnos. Nas partes orais búscase maior complexidade nas actividades para que resulten máis motivadoras para este tipo de alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Contribución ao proxecto lector.Utilizar diferentes tipos de lectura. Manexar diferentes tipos de textos: historia da música, , libros de consulta... Ler en diferentes soportes. Participar en charlas ou debates. A biblioteca servirá de axuda para a busca de información.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Contribución ao proxecto dixital. Uso dos ordenadores ,impulsar o uso das TIC para entender e expresarse a través delas. Coñecer recursos dixitais de fácil acceso,uso e manexo. Dar a coñecer traballos realizados na clase a través da páxina WEB do centro. Usar programas de composición musical. Utilización da Aula virtual no caso de educación non presencial.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Contribución ao plan de convivencia. Trátase de conseguir aprender a convivir. A convivencia deberá contribuir á formación integral do alumnado,en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto e solidaridade cara á participación responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Contribución ao proxecto lingüístico.No contexto social escolar e musical,a aprendizaxe da lingua é un factor fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado e a súa incorporación activa á sociedade.A través da música e danza, poderán desenvolverse as diferentes línguas e a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día das bibliotecas escolares.	Visita ao recuncho musical da biblioteca.	X		
Samaín	Traballar música e cantigas tradicionais desta época.	X		
25 Novembro.	Participar nas actividades propostas no PXA.	X		
Nadal.	Coñecer cantigas tradicionais desta época.	X		
Día escolar pola paz.	Participar nas actividades propostas PXA.		X	
Día de Rosalía.	Participar nas actividades propostas PXA.		X	
Entroido.	Realizar coreografías para a festa.		X	
Día da muller.	Participar nas actividades propostas PXA.		X	
Semana das letras.	Participar nas actividades propostas polo EDLG.			X
Fin de curso.	Participar nas actividades propostas PXA.			X

Observacións:

Observacións:

Este tipo de actividades programaranse con miras a completar os contidos traballados na aula e que servirán para asentálos.

As actividades complementarias e extraescolares de cada curso quedarán marcadas no PXA.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.Desenvolveuse axeitadamente a programación.
5.Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
2. Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Conseguiuse a participación activa do alumnado.
6.Houbo unha proporción equilibrada de traballo cooperativo e individual.

Medidas de atención á diversidade

4. Elaboráronse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade.

Descrición:

Adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias, metodoloxía e materiais.

Creación dun clima axeitado que permita a participación do alumnado, tendo en conta a diversidade.

Emprego de instrumentos de avaliación.

Proposta de actividades que permitan o traballo cooperativo e individual.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Valorarase tanto o proceso como o resultado desta programación didáctica, levando a cabo as melloras necesarias.

Os criterios a empregar para a súa valoración serán os seguintes:

Desenvolvemento da programación.

Relación entre obxectivos e contidos.

Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.

Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

Adecuación ao desenvolvemento das competencias básicas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015652	CEIP O Piñeiriño	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 5º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP ,

O CEIP O Piñeiriño está situado nun extremo do barrio do mesmo nome, na zona sur da cidade de Vilagarcía de Arousa. O colexio, que ten horario de xornada continua de 9:30 a 14:30, dispón de comedor, plan Madruga e servizo de transporte escolar. O día reservado para atención a familias é o martes, de 16:30h a 17:30h.

Neste curso 2023-2024 escolariza a 279 nenos e nenas e ten 6 mestres de EI, 11 mestres de EP, 2 de Educación Física , 2 de Inglés, 2 de Relixión Católica (itinerantes), 1 de Educación Musical, 1 orientador, 1 de PT e 1 de AL e 1 coidadora.

As instalacións do centro son completas e axeitadas aínda que no referido á accesibilidade física, non conta con ramplas de acceso nin ascensor, dificultando a mobilidade entre plantas.

Ademais das aulas ordinarias de cada grupo de alumnos, o centro conta coas seguintes: aula de inglés, aula de música, aula de informática, aula de plástica e aula de educación física. Dispón tamén dunha biblioteca, ben dotada e atendida polo propio profesorado, e dun salón de usos múltiples, utilizado para o desenvolvemento de variados tipos de actos (festivais, conferencias, xuntanzas coas familias, escola de pais...) e polo alumnado de infantil para a realización de actividades de psicomotricidade.

Somos un Centro EDIXGAL e, polo tanto, cos recursos vinculados a este modelo.

Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados as distintas áreas, unha biblioteca incluída no PLAMBE, ou un espazo multiúsos no que se pode facer representacións teatrais. Tamén participamos no programa Digicfrat.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, un porto , a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, así como diferentes lugares para o lecer como praias, parques, campo de fútbol e baloncesto...

En 5º de primaria hai 2 unidades de 16 e 17 alumnos e alumnas respectivamente. Dentro deste alumnado non se atopa alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos o medio ambiente.	Unidade na que recabarán información sobre o coidado do nos planeta.	30	10	X		
2	Deseñamos o noso patio.	Unidade na que elaborarán o produto final: decorar o noso patio con xogos feitos de madeira, neumáticos..deseño, planos....	35	15		X	
3	A xogar!	Presentación do produto final.	35	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coidamos o medio ambiente.	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do coidado do medio ambiente para ter un planeta san.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Deseñamos o noso patio.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	A xogar!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a o proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "E ti, coidas o medio ambiente?"

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar información sobre o coidado do medio ambiente e saber aqueles aspectos, accións que o debilitan, ensuzan e destrúen; así coma podemos colaborar na súa mellora.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, traballan naquel contido escollido. Buscan información sobre distintos aspectos:

- Que é o medio ambiente?
- A reciclaxe. Que tan ecolóxico es?
- Seres vivos en período de extinción.
- O coidado da auga.

- Contaminación ambiental.

...

Nesta etapa, intentarán contactar tamén con distintas asociacións que lles poidan dar charlas e facer algún taller.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, o seu produto final. Un dossier informativo e unha presentación dixital. Expoñerán toda a información atopada e, de poder ser o caso.

O proxecto poderá ser difundido no resto do centro colaborando co Departamento dEe Medio Ambiente organizando turnos de limpeza do noso patio.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (o noso Planeta...)
- Educación en valores sociais e éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Educación Física (saída a limpar un monte, praia...)...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Ordenador (aula de informática)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno onde se amosan os distintos contidos a traballar.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno ou doutro material onde se recolla a información buscada (vídeos, webs...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. Dossier informativo e presentación dixital.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopebre adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fora da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao monte e a praia a limpar.	medio ambiente feliz.	X		
Charla sobre a reciclaxe e compostaxe.	Aplicar a compostaxe cos restos das merendas e ter na aula unha botella de compostaxe; tamén temos algún contenedor de compostaxe no centro e no barrio.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor/a, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015652	CEIP O Piñeiriño	Vilagarcía de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 5º de E.Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a

promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexia, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes exponse cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropológico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tema 1: Iguais e diferentes.	Traballamos a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas, reflexionando sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos	10	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tema 1: Iguais e diferentes.	bíblicos ou recollidas de biografías significativas.	10	5	X		
2	Tema 2: Coidamos da casa común.	Traballamos a responsabilidade e a súa importancia na liberdade e no noso achegamento a Deus.	10	5	X		
3	Tema 3: Buscamos o sentido.	Traballamo a valentía dende o punto de vista cristiano a través da Biblia. O significacado de escoitar o corazón e concienciarnos sobre cómo ser valente implica ter medos pero intentar superalos.	30	8	X		
4	Tema 4: Aprendemos a vivir.	Expoñemos a fe como un don, e as formas en que se pode levar a cabo a traves da oración, as ensinanzas e a Palabra de Deus.	10	4		X	
5	Tema 5: Amar a todos.	Nesta unidade traballaremos a esperanza e a forma en que nos axuda a confiar e recoñecer que o amor de Deus é infinito.	30	8		X	
6	Tema 6: Unha gran casa	Traballamos a unidade dende a Igrexa como lugar de acollida para todas as persoas e nos recibe a todos coas portas abertas. Xesús nos anima a ser parte desa gran familia.	10	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Tema 1: Iguais e diferentes.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Recoñece os elementos que fai únicas ás persoas e que revelan a súa dignidade como seres humanos.	TI	100
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Descobre claves para convivir e fomentar a unidade entre as persoas.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Descobre a importancia das persoas e as trata como fillos e fillas de Deus.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Comprende e exercita aprendizaxes sociais coas persoas máis cercanas.		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Identifica que cada persoa ten dignidade humana independentemente da súa relixión uo cultura.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Coñece experiencias relixiosas vividas por mulleres e homes que aparecen nos distintos relatos bíblicos.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Fomenta actitudes e comportamentos concretos que axudan a vivir éticamente como cristianos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
2	Tema 2: Coidamos da casa común.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Identifica a creación como espacio donde Deus nos ofrece exercitar a responsabilidade e o coidado de ben común.	TI	100
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Descobre que o coidado do ben común como alianza de Deus coa creación.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Promove a responsabilidade pola casa común.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Reflexiona sobre o coidado de ben común e a súa relación coas nosas accións		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Promover a responsabilidade polo ben común.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Descobre o compromiso persoal e social que existe no coidado de ben común.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Reflexiona sobre o significado do Credo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
3	Tema 3: Buscamos o sentido.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Descobre as claves para convivir e fomenta a unidade entre as persoas.	TI	100
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Promove emocións que axudan a reconecernos coma persoas iguais e diferntes.		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Identifica a dignidade humana en cada persoa con independencia da súa relixión ou cultura.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Coñece distintos relatos da creación na Biblia e as ensinanzas sobre a experiencia de ser creados por Deus.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Coñece distintos relatos da creación na Biblia e as ensinanzas sobre a experiencia de ser creados por Deus.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Fomenta actitudes e comportamentos concretos que axudan a vivir éticamente como bos cristiáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
